

Martes, 30 de setembro de 2025

Núm. 186

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Urbanismo e Patrimonio**

ACTUALIZACIÓN FOLLAS CARTOGRÁFICAS VIAIS. DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. (EXP. 21067/240).

ANUNCIO**INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. ACTUALIZACIÓN FOLLAS CARTOGRÁFICAS VIAIS.**

Por Resolución da Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, do Excmo. Concello de Vigo, de data 23 de setembro do 2025, acordouse:

Primeiro.- Aprobar a incorporación ó Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta administración, as Follas cartográficas 0-P á 8-W correspondente as vías públicas municipais, que figuran no ANEXO III:FOLLAS CARTOGRÁFICAS VIAIS (0-P á 8-W), adxunto a presente resolución.

Segundo.-Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Vigo.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ó Pleno Municipal na súa primeira sesión ordinaria do vindeiro ano.

Na dirección electrónica: <https://vigo.org/IMBD-2024> poderá ser consultada a Resolución ditada e as follas cartográficas (0-P á 8-W) no lote 2 de viais.

Contra dita Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o ditou nun prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte á data da publicación do presente anuncio no BOPPO (arts. 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

A Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas. (Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 09.07.2024).- Ana María Mejías Sacaluga

